

PREGUNTA DE AER SOBRE FECAIS EN CESANTES

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

Sabemos das numerosas queixas sobre as anomalías que presenta o pavillón do C.P. Porto Cabeiro, realizadas polos distintos colectivos (asociacións, clubs deportivos, membros do Colexio público Porto Cabeiro e usuarios do pavillón) durante estes máis de 2 anos que leva de mandato este goberno local. Non sabemos que está a pasar coa caldeira e a pista desta instalación deportiva, utilizada a diario polos veciños deste Concello como centro de adestramento; lembremos que ata alí van nenos de tódalas parroquias como vostede ben sabe.

Non entendemos que en todo este tempo non se dea arranxado este problema, e a xente siga duchándose en auga fría, a maioría nenos. Ademais, a pista segue a dar problemas de esvaróns, despois de que pasaran por alí membros de diferentes empresas, ao longo destes 2 anos e pico, para ver os problemas e facer presupostos. Por todo o mencionado anteriormente, preguntamos:

Que medidas está tomando o concelleiro de Deportes para solucionar os problemas da pista e da caldeira deste pavillón?

O concelleiro CRESPO LÓPEZ di que é un problema que xa existía. A caldeira non tiña mantemento, pediuse informe técnico do concello e dixo que se tiña que cambiar e se cambiou a caldeira. Respecto á pista, os clubs transmitíronlle que esvaran, a empresa construtora e arquitecto din que cumpre, levou unha máquina que fixera limpeza e fixéronse probas con resinas e lacas, pero non foron boas. Pediu novas probas para que non esvaren.